

A edición de recursos educativos en galego. Achega a unha prehistoria

D' *A primera luz* ás Matemáticas de Vacaloura
II Xornadas «Os recursos educativos en galego. Primaria»
Facultade de Ciencias da Educación, Santiago 18-12-2009

Manuel Bragado Rodríguez
<http://bretemas.blogaliza.org>

Agradezo moi sinceramente o convite que me realizaron os organizadores destas segundas xornadas sobre os recursos educativos en galego. Un tema ao que me sinto moi vencellado pola miña dupla condición de mestre e pedagogo coa de editor en lingua galega, profesións ás que veño dedicando o meu esforzo nas últimas tres décadas.

Na miña intervención intentarei realizar un percorrido polo fitos máis singulares da historia da edición dos recursos educativos en galego. Para isto estableceré dúas grandes etapas:

1ª Alborada: a reivindicación galeguizadora, do pai Sarmiento e *La primera luz* de Manuel Murguía, pasando por *As Roladas*, ao entusiasmo republicán de Josefa Iglesias Vilarelle e o seu *método de lectura*, publicado polo Seminario de Estudos Galegos.

2ª Da Longa Noite de Pedra ao galego na escola, do *Catón galego* de Ben-Cho-Sey, pasando por *Picariños*, ás matemáticas de 1º de BUP do colectivo Vacaloura.

1ª Alborada

Seguindo os traballos do catedrático Antón Costa Rico, o pai Sarmiento xa demandara entre 1766-1769 a existencia de libros impresos en lingua galega para a educación da nenez e da mocidade, citando entre eles unha gramática, un dicionario etimolóxico e outro onomástico, un silabario, un curso de historia natural e unha descrición xeográfica de Galicia.

Tres séculos despois de que Sarmiento forxara o proxecto de galeguización educativa podemos dicir que foi acadado xa que afortunadamente na actualidade contamos con todos estes recursos, porén foi este un proxecto que se desenvolveu moi devariño, con enormes dificultades e retrocesos que, só puido ser culminado plenamente durante o actual período autonómico. A intención da nosa conferencia é debullar o que sucedeu até o recoñecemento institucional da entrada do galego na escola no curso 1979/80.

Dende 1766 a 1936, o período que podemos definir como de reivindicación galeguizadora no eido educativo, apenas foron publicados en galego unha media ducia de libros que poidamos considerar estritamente como recursos educativos, aos que poderíamos engadir, sempre seguindo a Antón Costa, outra media ducia de carácter literario (os que deberíamos considerar como alborais da nosa literatura infantil) e outros oito referidos a historia e xeografía de Galicia, publicados en castelán. En total vinte unidades destinadas ao uso escolar. Non podemos deternos en presentar a nómina de todos estes textos escolares, elaborados para a galeguización escolar.

Con todo é inevitable citar *La primera luz* de Manuel Murguía, editado en 1859 en Vigo por Juan Compañel, o editor tamén dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Un libriño de lecturas, escrito en castelán, que Murguía concebiu para uso das escolas de primeiras letras de Galicia,

que contiña vinte e sete leccións sobre Xeografía e Historia e algunhas biografías. *La primera luz* é o primeiro libro de texto, concibido como tal, que pretendía levar o feito diferencial galego ás escolas. Murguía dedícallo con emocionadas palabras a súa filla Alexandra: «E ti, miña filla, chegada onte a este val de bágoas, ti es en quen penso ao escribir este libro, aprende, filla da miña alma, a amar a esta Galicia infortunada onde naceron os teus pais e onde viches a túa primeira luz.» De *La primera luz* afortunadamente existente dúas edicións facsímiles e non venais, preparadas a primeira por Xerais e outra pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Outra peza que merece a nosa atención é o *Método de lectura en galego*, apenas dezaoitto páxinas, da mestra de Mourente [Josefa Iglesias Vilarelle](#), publicado en 1932 polo Seminario de Estudos Galegos, deseñado seguindo a liña das cartillas de lectura escolares, os catóns, que promovía a República. Esta breve publicación debemos considerala como o primeiro recurso didáctico concibido especificamente para a aprendizaxe do galego dentro da aula. A pesar dos seus contidos conservadores e enfoque pedagóxico tradicional, xa criticados no seu tempo polos membros de ATEO, xunto á *Nova Xeografía Galega prás escolas* de Barreiro Paradela, libro editado en 1936 por Publicaciones Actuales Gallegas, é unha peza primeira na historia das publicacións escolares en galego.

Mención á parte merecen a media ducia de publicacións nas que agromou a nosa literatura infantil, das que citaremos aquel contiño *O Castiñeiro*, publicado por Eugenio Carré en 1914, con motivo da festa da árbore; pasando polo conto de fadas *Margarida a da sorriso da aurora*, publicado en 1927 por Evaristo Correa Calderón, considerado pola doutora Blanca Roig rechou como a primeira obra da literatura infantil en galego; até o *Conto de Guerra* que Camilo Díaz Baliño escribe en 1928 para os alumnos das Escolas do Insiño Galego.

Por último, neste período alboral, non podemos deixar de citar o intento que en 1922 supuxo a revista *As Roladas* de facer unha publicación profesional en galego dirixida ao público infantil. Dirixida e practicamente escrita na súa totalidade polo poeta Ramón Cabanillas, estaba ilustrada polo mesmo Castelao e Antonio Palacios. Mágoa que so se editasen dous números, nos meses de maio e xullo.

2ª Da Longa Noite de Pedra ao galego na escola, do *Catón galego* de Ben-Cho-Sey, pasando por *Picariños*, ás matemáticas de 1º de BUP do colectivo Vacaloura.

O alzamento do 18 de xullo e a conseguinte e durísima represión, que afectou singularmente ao profesorado vencellado ao entusiasmo pedagóxico da República, reflectido de forma memorable por Manuel Rivas no seu conto «A lingua das bolboretas», coutou practicamente todas as posibilidades de galeguización educativa durante tres décadas.

Coa excepción daquel *Anaquiños. Lecturas Galegas* do mestre vigués [Manuel Fernández Novoa](#), publicado en 1942 pola editorial Savatella, e do esquemático dicionario galego-castelán, publicado tamén en 1942 dentro da serie de enciclopedias escolares editadas polo mallorquín Porcel y Riera, non atopamos até 1966 ningún recurso educativo publicado en galego en Galicia. Ben é certo, que en 1961, Xosé Neira Vilas publicara na editorial Follas Novas de Bos Aires, a primeira edición de *Memorias dun neno labrego*, que se convertería no libro de literatura infantil máis emblemático e lido polos escolares galegos nas décadas dos setenta e oitenta, e que debería agardar a 1968 para ser editado por vez primeira en Galicia por Edicións do Castro.

Os anos setenta foron un tempo de notables transformacións en Galicia, tanto económicas como políticas, ao tempo que tamén de profundas reformas no sistema educativo, especialmente por mor da promulgación da Lei Xeral de Educación (1969), que supuxo unha ampliación decisiva da escolarización obrigatoria e da rede de escolarización, ademais de introducir unha didáctica algo máis aberta ao contido cultural, idiomático e territorial, coincidindo cunha impregnación das perspectivas da renovación pedagóxica europea.

Durante esta década e, moi especialmente a partir de 1975, o movemento educativo antifranquista foi deseñando a partir deste momento un novo modelo escolar que se concretou en múltiples iniciativas. Foi este o momento no que se iniciou o proceso de publicación de forma máis ou menos habitual de recursos educativos en galego. Nunha primeira achega a un catálogo destas publicacións identificamos 124 referencias publicadas entre 1969 e 1980, ás que, a partir de agora, nos iremos referindo.

Os antecedentes do nacemento desta reflexión galeguizadora atopámoslos nos proxectos de Escolas Agrícolas que funcionaron en Lugo entre 1948 e 1971. Este foi o caso da experiencia levada a cabo por Avelino Pousa Antelo na escola agrícola da Granxa Barreiros de Sárria, que logo se estendeu a outras localidades da provincia de Lugo por medio dos cursiños de Formación Agropecuaria para mestres do medio rural.

Outros antecedentes atopámoslos na edición do *Catón Galego* de Ben-Cho-Sey (Xosé Ramón Fernández Oxea), prologado por Xesús Alonso Montero, editado en 1969 por Edicións do Castro, ao que seguiría en 1970, tamén na editora de Isaac Díaz Pardo, *Máquinas e trebellos para labrar a terra. Complemento agrícola ó Catón galego* de Odón Luís Abad Flores.

Outro antecedente decisivo foi a reedición preparada en 1972 pola editorial Akal do libro de Luis Bello Trompeta *Viaje por las escuelas de Galicia*, prologado polo inesquecible Gonzalo Anaya, relato dunha viaxe realizada en 1929 que, porén, facilitou, coincidindo coa posta en marcha do chamado «Plan Galicia», abrir o debate arredor dos déficits estruturais que arrastraba a realidade educativa de Galicia, tanto no referido á escolarización como a aspectos de adecuación do ensino á realidade propia.

O «Plan Galicia», que acabamos de citar, aprobado como documento de planificación educativa en 1970, recoñecía que Galicia tiña unha cultura e un idioma de seu, que existía un desaxuste entre a escola e a sociedade, que o atraso escolar era secular, que a escola rural estaba sendo un factor de alleamento, que era preciso especializar ao maxisterio galego, etc. Un diagnóstico coincidente, en boa medida, co libro de Xesús Cambre Mariño, *Educación e desentrollo. Estructura e problemas do ensino en Galicia i en España*, editado por Galaxia en 1969, o libro alboral da ensaística pedagóxica contemporánea en galego.

Nese clima de debate, o profesor Xesús Alonso Montero, unha figura clave na historia da galeguización educativa, xunto ao inspector Xosé María Marcos de Abajo, presentaron en 1970 na editorial Anaya o primeiro dos libros de texto, concibido como tal, para o ensino da nosa lingua: *O galego na escola*. Un libro de oitenta páxinas, editado xa a cor. Un auténtico chimpo para a nosa historia neste eido.

En 1971 Galaxia publica o *Plan Pedagóxico Galego*, un ensaio de vinte e oito páxinas, onde se realiza unha análise da educación en Galicia a cargo do chamado Grupo de Traballo de Londres, formado por Teresa Barro, Xavier Toubes, Carlos Durán, M. Fernández Gasalla e Fernando

Pérez Barreiro Noya. Ensaio que terá continuidade en 1974 no titulado *A lingua galega na escola* do mestre Valentín Arias, como tirada á parte do número 29 da revista *Grial*.

Paralelamente a edición destes ensaios, a editorial Galaxia viña publicando dende 1966 algúns libros de literatura infantil, algúns traducidos do catalán por Xohana Torres, e outros de creación propia como os [Contos para nenos](#) (1968) de Laureano Prieto, mestre da Gudiña; [A galiña azul](#) (1968), o primeiro conto para nenos de Carlos Casares; [O espantapaxaros](#) (1972) do tamén mestre Xosé Agrelo Hermo ou *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973) a peza teatral para rapaces de Carlos Casares. O volume [Contos populares da provincia de Lugo](#) (1972), tamén publicado por Galaxia, promovido polo Centro de estudos Fingoy, reunía máis de douscentos contos populares recollidos por mestres da provincia de Lugo. Neste agromar da nosa literatura infantil outro libro fulcral foi [Os soños na gaiola](#), o poemario infantil de Manuel María, publicado en 1968 en Lugo por Ediciones Celta.

Tamén en 1971 comezarán a publicarse os tres tomos dos materiais didácticos do recién creado Instituto de la Lingua Gallega, dependente da Universidade de Santiago. Serán os famosos volumes *Gallego 1* (1971), *Galego 2* (1972) e *Galego 3* (1974) destinados á alfabetización en galego de persoas adultas.

A profesora Antía Cal, directora do colexio privado Rosalía de Castro de Vigo, convocará nos veráns de 1972 e 1973 varios seminarios de formación pedagóxica para profesores, impartidos por profesorado catalán pertencentes á asociación pedagóxica Rosa Sensat. No mesmo período detéctanse preocupacións pedagóxicas entre os asistentes aos Coloquios de Cristiáns e o inqueda Xesús Alonso Montero, xunto con Paco Martín, promoven a aparición do semanario periodístico de intencionalidade didáctica renovadora e galeguizadora «Axóuxere», comoparte do xornal *La Región*.

Tamén en 1974, fúndanse dúas plataformas asociativas que terán especial importancia no desenvolvemento posterior do proceso de reflexión pedagóxica galeguizadora: a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG), co seu voceiro *Alento*, e a Asociación para a Correspondencia e a Imprenta Escolar (ACIES), plataforma que organizaba por vez primeira en España ao Movemento Freinet da Escola Moderna.

1975 será un ano decisivo no relato que nos ocupa, xa que será cando o Equipo de Linguaxe da Asociación de Mestres da Coruña publica [Picariños. Falar, xogar e ler \(Método galego de lectura i escritura\)](#), o primeiro material elaborado dende unha concepción didáctica renovada. Foi editado mester a unha coedición da editorial catalana Casals e da editorial Galaxia que xa viñan colaborando dende o ano 1966, na edición de libros infantís traducidos do catalán por Xohana Torres: *O abeto valente* (1966), *O globo de papel* (1966), *Unha nova terra* (1967) e *Todos os nenos do mundo seremos amigos* (1967).

Picariños presentábase en dous volumes. Un método de lectura de 80 páxinas e un tomo de fichas de lectura e escritura, de formato apaisado, de 144 páxinas. Os autores de *Picariños* presentábano como resultado dun minucioso estudo das vantaxes e desvantaxes dos métodos globais e analíticos, das características fonéticas e gráficas do noso idioma e das limitacións das escolas galegas onde non existía aínda un recoñecemento para o seu emprego.

No ano 1975 aparece [Vagalume](#), a primeira revista infantil en galego, tras o precedente que supuxo en 1922 *As Roladas*. *Vagalume* foi unha publicación infantil e xuvenil, de periodicidade

quincenal, escrita en galego baixo a supervisión do Instituto da Lingua Galega. Editada por Lumieiro S.A. e dirixida inicialmente por Marta Isabel García de Leániz, pretendía segundo expresaba o seu primeiro editorial «poñer nas mans dos nosos educadores un material formativo galego. Que interese aos escolares, de xeito que, anque estes adprenderan o mecanismo da lectura no castelán atopen tamén un aguillón para se esforzar a ler na súa propia linguaxe.»

Para isto contaban con seccións de historia, xeografía, ciencias naturais, matemáticas, temas de iniciación literaria, contos, historias educativas, debuxos e historietas que pretendían facer xirar en torno «ao mundo e cultura do agro, para facelos valer diante dos ollos dos galegos falantes».

A partir do número 13 (xaneiro de 1976), *Vagalume* inicia unha nova etapa formal e temática, desaparecendo moitas das seccións e historietas, para dar paso ás colaboracións dos escolares galegos que adquiren un maior protagonismo na publicación. En xaneiro de 1978, baixo a dirección de Xosé Fortes Bouzán, pasa a ser mensual, desaparecendo co número extra 45/46 do mes de abril/maio de 1978.

É o período de 1976 ao 1980 o que marca definitivamente a aparición dunha reflexión pedagóxica sistematizada para o ensino en galego e para o desenvolvemento dos seus recursos didácticos. Este período coincide coa chamada «Transición democrática». A aprobación da Constitución de 1978 e a promulgación do «Decreto de Bilingüismo» de 1979 supoñerán un novo marco normativo.

Este período está caracterizado pola aparición de múltiples iniciativas de grupos pedagóxicos de base, entre as que cremos tiveron particular importancia as seguintes:

A aparición do «Manifesto dos Ensiantes Galegos», como primeira concreción documental dun novo modelo de reforma para o ensino galego. Este documento de febreiro de 1976 foi redactado pola Comisión de Lingua e Cultura Galega do Colexio de Doutores e Licenciados de Pontevedra, na que tiñan influencia os sectores nacionalistas. Entre outras medidas este texto reclamaba, por vez primeira, o recoñecemento legal do ensino en galego e a alfabetización do profesorado en galego: «é urxente unha normativa legal que institúa o ensino en galego en todos os niveis e conleve un plan racional e pedagóxico de incorporación o uso do galego como lingua de Galicia. Nese senso é prioritaria posta en marcha de cursos intensivos de adaptación do profesorado que ha de impartir o ensino en Galicia.»

A aparición do MCEPG como primeiro colectivo pedagóxico de carácter non sectorial, fundamentado nos piares ideolóxicos e didácticos da escola popular de Celestin Freinet e na asunción da *Carta da Escola Moderna* (1968). En 1977 a «Asociación para la Correspondencia e Imprenta Escolar» (ACIES) transformouse en «Movimiento Cooperativo de Escuela Popular» (MCEP). O grupo galego de ACIES xa elaborara en 1976 o documento *Bases para unha escola popular*, clave para o desenvolvemento da pedagogía Freinet en Galicia e para a constitución do MCEPG no curso seguinte. Foron moitas as iniciativas educativas e didácticas xeradas por este grupo durante este período, recollidas en boa parte n' *As Roladas 2. Revista Pedagóxica Galega*, nacida en 1978 e da que se chegarían a publicar dez números. No MCEPG estivo a semente principal do chamado Movemento de Renovación Pedagóxica e de galeguización educativa das décadas dos oitenta e noventa.

Durante o período 1975-80 foi cando naceron os colectivos pedagóxicos sectoriais, a maior parte deles arredor de iniciativas de creación de recursos educativos. Xa citamos, con anterioridade, a

experiencia da Asociación de Mestres da Coruña, promotora do método *Picariños*, á que habería que sumar as do Colectivo de Mestres de Bergantiños, as do Colectivo Avantar (de profesorado de EXB da comarca de Ferrolterra) e as do Grupo Escola Aberta (de profesorado de EXB da provincia de Pontevedra). Tres grupos moi activos na confección de recursos educativos e cunha actividade permanente dos seus membros que chega á actualidade.

O grupo Escola Aberta tivo, neste período da Transición, unha destacada incidencia na elaboración de publicación sobre temas monográficos (a emigración, o marisqueo...) dirixidas á biblioteca de aula. Con todo, o seu proxecto máis coñecido foi *Galicia en imáxenes*, un material audiovisual en oito volumes. Iniciou a súa publicación en 1979 e rematou en 1985. Constaba de 96 temas monográficos, de vinte diapositivas por tema. Cada tema incluía dezaseis diapositivas da realidade do país e catro de gráficos e mapas explicativos. O material completábase cunha folla explicativa das imaxes e bibliografía sobre o tema. Os temas estaban agrupados en torno a seis eixos: arte e literatura; historia de Galicia; socioloxía, antropoloxía, dereito e política; ciencia snatuais; xeografía de Galicia e economía. *Galicia en imáxenes* constituíu o máis importante esforzo editorial do momento por dotar á escola galega de materiais para o coñecemento do medio e da realidade de Galicia, sendo unha referencia para a maioría dos centros escolares. Foi o primeiro recurso didáctico non impreso da nosa historia.

Outros colectivos pedagóxicos que elaboraron recursos educativos foron a Asociación de Licenciados de Bioloxía de Galicia (ALBE), o primeiro colectivo de profesorado de Ensino Medio que confeccionou publicacións en galego para ser empregadas na aula (*Os arbres de Galicia*, 1977); Vacaloura, grupo de profesorado de Matemáticas (sacarían en 1979 o primeiro libro de Matemáticas en galego, en concreto para 1º de BUP, tamén o primeiro libro editado por Xerais); Trasancos, de profesorado de Latín; Chumbo, de Física e Química. Singular importancia terá para o futuro o colectivo Preescolar na Casa, inspirado dende o grupo lucense de Cáritas.

Durante o período da Transición, a partir de 1978, apareceron os primeiros libros de texto para o ensino da lingua, historia, xeografía e cultura galega.

Nunha primeira fase, foi de salientar o esforzo realizado pola editorial catalana Casals que verqueu para o galego parte dos seus materiais que se estaban a utilizar no ensino do catalán. Nesta tarefa foi decisivo o labor realizado por Xoán Babarro e Ana María Fernández que se ocuparon de facer as adaptacións galegas. Formaron parte desta serie materiais como *O castelo de irás e non tornarás* (1978), libro para o alumnado da primeira etapa de EXB e guía didáctica; *O raposo pillabán* (1978), dirixido a 3º de EXB, no que cada unha das unidades xiraba arredor dun tema de experiencia; *Contos degrañados* (1978) para 4º e 5ª de EXB; *As Nosas Letras 1* (1978), concibido para ser utilizado en 6º e *As Nosas Letras 2* (1979), dirixido a 7º e 8º de EXB.

Foi o proxecto «Lúa Nova», promovido en 1978 pola Editorial Anaya, o que podemos considerar como o primeiro concibido para o ensino da lingua galega e realizado enteiramente en Galicia, mesmo antes da aprobación do decreto de «Bilingüismo». Os cinco libros da serie «Lúa Nova», elaborados por Paco Martín, Xoán Babarro, Ana María Fernández, Camino Noia, Xosé María Lema, entre outros, seguína na súa redacción a normativa ortográfica e de léxico resultado da posta en común de filólogos, lingüistas, escritores e profesionais do ensino que se realizaron na Universidade de Santiago ao longo do curso 1976-77. Anaya publicou en 1977 a adaptación para o galego en tres libros do método de lectura e escritura de Antonio Palau baixo o título *Volvoreta*.

Dirixido, como o anterior á Educación Preescolar, foi o método *Faragullas* de María Teresa

Vázquez Pérez e María do Carme Carneiro Francos, publicado en 1979 por Galaxia; así como a tradución para o galego das dúas cartillas de lectura *As cousas de cada día*, publicadas por Galaxia no mesmo ano.

A aprobación do Decreto de Bilingüismo (Decreto 1981/1979, de 20 de xullo, polo que se regula a incorporación da lingua galega ao sistema educativo en Galicia) supuxo a incorporación do ensino do galego con carácter obrigatorio en todos os niveis do sistema educativo obrigatorio, dando cabida dentro do horario escolar ao seu ensino no Bacharelato. Incorporación que concretaba a Orde de 1 agosto de 1979, nunha duración de tres horas semanais e na posibilidade de que se impartisen programas doutras áreas en lingua galega, previa solicitude do centro e co acordo do claustro e da Asociación de Pais de Alumnos. Algo histórico, xa que isto supoñía a posibilidade de utilización do galego como lingua vehicular en determinadas áreas curriculares.

Este recoñecemento normativo da presenza do galego no ensino, un feito histórico, supuxo un incremento formidable da edición de recursos educativos en galego e da nosa industria editorial.

Así, ademais das publicacións pioneiras xa citadas, entre 1979 e 1980 apareceron os tres primeiros libros de texto para ser empregados na área de Ciencias Sociais da 2ª etapa de EXB, publicados pola editorial Santillana. Foron *Xeografía de Galiza* (1979) de Augusto Pérez Alberti, *Historia de Galiza* (1980) e *Arte e cultura de Galiza* (1980) de Luis Cochón Touriño e José Manuel García Iglesias.

No ensino secundario, apareceron en 1979 os primeiros libros en galego para asignaturas como Filosofía (*Introducción á Filosofía*, publicado por Galaxia) e Matemáticas (*Matemáticas de 1º de BUP*, elaborado a partir duns apuntamentos experimentados polos membros do colectivo Vacaloura). Remataba así un longo proceso iniciado tres centos anos antes por Frei Martín Sarmiento. O desenvolvemento dos recursos educativos en galego partir de 1980 xa é outra historia que mercería ser contada.

As miñas desculpas por non utilizar os medios dixitais. O texto desta intervención pode descargarse en pdf no meu blog.

Grazas.

Facer chegar comentarios a bretemas@gmail.com